FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

SUPERCOPA GALEGA DE WÁTER-POLO ABSOLUTA

Tempada 2011 – 2012. Circular 11-43.

1.- CATEGORÍA.

Absoluta Masculina e Absoluta Feminina.

2.- SISTEMA DE COMPETICIÓN.

2.1.- ABSOLUTA MASCULINA.

2.1.1.- Participaran o campión da Liga Territorial de Primeira División e o Campión da Copa Galega da tempada anterior.

2.1.2.- No caso de coincidencia entre ambos equipos terá dereito a participar o segundo clasificado da Copa Galega.

2.1.3.- O sistema de xogo de esta competición será de partido único, nunha única sede, coincidindo coa Supercopa Feminina.

2.2.- ABSOLUTA FEMININA.

2.2.1.- Participaran o campión da Liga Territorial Feminina e o Campión da Copa Galega Feminina da tempada anterior.

2.2.2.- No caso de coincidencia entre ambos equipos terá dereito a participar o segundo clasificado da Copa Galega Feminina.

2.2.3.- O sistema de xogo de esta competición será de partido único, nunha única sede, coincidindo coa Supercopa Masculina.

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- Os/as xogadores/as deberán estar en posesión de licenza federativa (Licenza Deportista de Competición).

3.2.- É de obrigado cumprimento para participar que os clubes presenten unha relación de xogadores/as segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do DNI orixinal ou fotocopia compulsada do DNI, antes de cada encontro.

4.- TÍTULOS E PREMIOS.

4.1.- Entregaranse trofeo ao campión da Supercopa.

A Coruña, 8 de Xullo de 2011

Secretaría Xeral FEGAN